CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Identifica trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Valora a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identifica o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valora a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Recoñece diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Diferencia algunhas profesións da súa contorna.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándooas como sinais de identidade.	Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.</li> <li>- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> </ul>

## Contidos

- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respetto dos seus dereitos.
- Respetto e protección do medio natural. Respetto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A escola.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respetto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta área será preciso unha intervención educativa que faga achega de distintas opcións para o acceso aos contidos, que contemple un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais, a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais, sempre contextualizadas, partindo de

coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.

O deseño de situacións STEAM que faciliten aplicar habilidades do pensamento computacional se fará dende un enfoque coeducativo e o respecto ás emocións, propias e alleas.

Finalmente, promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sans e sostibles, así como unha perspectiva divulgativa, crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto hacia outras.

Dentro da metodoloxía desta programación destacamos:

-As unidades didácticas terán actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.. Estas actividades buscarán a exploración e manipulación de diversos materiais, xerando curiosidade e culminando con sinxelas creacións das crianzas.

- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

- Esta presente o deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais, etc.

- Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reprodutor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Curriculum, P.E...
Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, Kamisibai, títeres...
Materil de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...

Material de xogo simbólico
Instrumentos musicais
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido : todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello, etc)

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

S

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### **Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade) de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de cosecución observado pola mestra ou mestre.

### **Criterios de recuperación:**

Este apartado non procede nesta etapa.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Entendidas como o conxunto de medidas ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, deberemos pór especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa, ás características persoais do alumnado, así como os seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración. E tamén a cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento e atención, etc).

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecurar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características do alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, razoamento e atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictogramas e axendas.
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aquel alumnado que polas súas necesidades sexa preciso facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X		X			X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita na aula de persoa experta	En cada unidade poderase convidar a unha persoa relacionada co ámbito traballado : músico, escritora, cociñeiros, traballadora do porto, comunidade de montes, sesión de ioga, conductoras de bu	X	X	X
Contacontos	En cada unidade poderá vir un familiar para contar un conto que teña relación ,procurando que sexa unha actividade plurilingüe e coherente con criterios de igualdade de xénero.	X	X	X
Saída de campo	Se poderá facer unha saída por unidade para afondar no tema traballado ou criterios transversais: mercado, lonxa, museo, biblioteca do concello, o barrio, a contorna próxima...	X	X	X
Obradoiros solidarios	As familias xunto co alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa ou tapóns,etc	X	X	X
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza (Hortas urbanas, limpeza litoral,etc)	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,etc)	X	X	X
Saídas fin de curso	Actividade de carácter lúdico argallada como remate do curso escolar.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades
Temporalización de actividades adecuadas
Empréganse diversos recursos didácticos.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

### Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.



## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	4º Inf.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

O currículo vixente na área de Relixión Católica e as súas orientacións pedagóxicas serán o marco de referencia na realización desta programación así como a normativa vixente para a etapa de Infantil. Basearase no Decreto 150/2022, do 8 de setembro e a Orde do 30 de maio de 2023 que o desenvolve..

A presente programación destínase ao alumnado de 4º EI, sendo 3 nenas e 1 neno.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.								
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.								
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrinto nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.								
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrinto os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.								
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.								

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.								

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñecendo a clase!	Traballamos a chegada ao cole, as rutinas na clase e as normas de comportamento.	8	X		
2	O Nadal!	Descubrimos o tempo de Advento e a importancia do Nadal. Coñecemos a familia do neno Xesús.	8	X		
3	O meu corpo!	Os nenos deben darse de conta de que se van facendo maiores en estatura, idade e en saber cousas. Traballarase tamén o camiño da paz para a resolución dos conflitos.	5		X	
4	Xesús é o meu amigo!	Debemos confiar nos nosos amigos. Xesús ama aos seus amigos. Conmemoraremos a Coresma e a Semana Santa.	5		X	
5	Os animais son os nosos amigos!	Agradecemos a sorte de pertencer á Creación de Deus. Todos somos iguais e debemos coidarnos e coidar o agasallo de Deus.	4			X
6	Temos unha familia!	A familia, lugar de felicidade. María é a nai de Xesús e amao o mesmo que as nosas nais nos queren a nós. A importancia de pertencer a unha familia. A igrexa.	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñecendo a clase!	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É quen de facer as rutinas por sí mesmo.	TI
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Recoñece hábitos básico de relación amosando boa disposición na escola.	
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando o necesita.	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É quen de escoitar mentras un compañeiro fala.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- A vida cristiá en comunidade.</li> <li>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O Nadal!	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	É quen de escoitar en silencio un relato lido na clase.	TI
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Escoita con interese polo relato do nacemento de Xesús.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	Relaciona as festas de nadal co nacemento de Xesús	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Identifica un Belén.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Difruta elaborando producións artísticas.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	É quen de identificar unha panxoliña.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de identificar ao neno Xesús.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebrar o Nadal.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.</li> <li>- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> </ul>

## Contidos

- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e per-dón.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A figura da Virxe María.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

UD	Título da UD	Duración
3	O meu corpo!	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É quen de facer as rutinas por sí mesmo.	TI
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	É capaz de expresar as súas emocións.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor de pedir perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É que de mostrar respecto e aprecio polos compañeiros/as.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.</li> <li>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.</li> <li>- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- A vida cristiá en comunidade.</li> <li>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.</li> <li>- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Xesús é o meu amigo!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de realizar a rutinas por sí mesmo.	TI
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor.	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amosa interese pola materia e respecta os momentos de narracións e xogo.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece imaxes relacionadas cos templos cristiáns.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción u oración das aprendidas.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como protagonista nalgunha narración bíblica ou en manifestacións artísticas.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración da Pascua de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> </ul>

## Contidos

- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflictan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A figura da Virxe María.
- A oración de Xesús.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
5	Os animais son os nosos amigos!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa.	TI
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras perdón e por favor.	
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo e de narracións.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	É quen de pedir perdón.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.</li> <li>- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.</li> <li>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.</li> <li>- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e per-</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- dón.</li> <li>- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.</li> <li>- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.</li> <li>- A vida cristiá en comunidade.</li> <li>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.</li> <li>- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Temos unha familia!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Recoñece hábitos básicos diarios na clase.	TI
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa.	
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor.	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...)	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece imaxes relacionadas cos templos cristiáns.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.</li> <li>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.</li> <li>- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.</li> <li>- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.</li> <li>- A vida cristiá en comunidade.</li> <li>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.</li> <li>- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.</li> </ul>

## Contidos

- A figura da Virxe María.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna e nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizaranse dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. A nivel máis concreto faranse situacións de aprendizaxe que recreen na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiran ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presenten estas situacións serán axeitadas ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bo trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais.
Material non específico. Material do medio natural de refugallo
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzles, Biblioteca de aula...

Material impresos: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...

Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O tratarse de nenos e nenas que entran por primeira vez na etapa de EI a avaliación inicial permitíranos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades. Neste nivel usaremos unha actividade de pensamento visual ( recoñecemento de personaxes da materia) coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elementos relixiosos (utilizárase unha táboa de indicadores)..

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as conductas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Educación Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

### Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

Se algún alumno non chegue a acadar os mínimos de algún dos indicadores levaranse a cabo actividades de reforzo de diferente dificultade sobre aqueles mínimos non acadados para asegurar que finalmente os teña adquiridos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O grupo ao que se destina esta programación é heteroxéneo tanto nas aprendizaxes previas, experiencias... como nas características de cada un dos seus membros. Polo tanto, este dato é preciso telo en conta xa que os ritmos e os modos de aprender van a ser diferentes.

Ante as dificultades que poidan aparecer nas situacións de aprendizaxe plantexadas, teranse en conta:

#### • Medidas ordinarias:

- adaptación de tempos (teranse en conta as características de cada alumno/a flexibilizando estes se é preciso)
- instrumentos de avaliación

Reforzos educativos (no caso de deficiencias no coñecemento de contidos, datos, saberes de área: traballarse a través de ensino individualizado/personalizado, ou implementación de anotacións orixinais, actividades en diferentes niveis de dificultade que permitan o avance do/a alumno/a (DUA).

- apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- plans específicos de reforzo.
- os agrupamentos dentro da aula dependendo do contexto da aprendizaxe: trátase de xestionar o propio coñecemento e facer que aprendan e se retroalimenten grazas ao traballo en grupo. Este aspecto será tido en conta xa que a priori os grupos de iguais son máis favorables cara a aprendizaxe que o dirixido a través dun



adulto, neste caso o/a mestre/a. Este tipo de traballo será positivo para desenvolver habilidades sociais ademais de fomentar hábitos de responsabilidade, resolución de conflitos, iniciativa propia, orixinalidade, diálogo... é dicir, inferíndose nesta medida o desenvolvemento das competencias clave en boa medida.

- Modos de presentación das tarefas: coa implementación de recursos visuais, infografías, esquemas... así como a posible progresión e presentación das mesmas parcialmente sempre que as características persoais de cada discente o precise.

• Medidas extraordinarias:

- adaptacións curriculares.

- agrupamentos flexibles.

- apoios da/s mestra/s de Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica.

OUTRAS MEDIDAS PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA: no caso de que o alumnado presente dificultades para asistir ao centro por causas xustificadas:

- emprego da Aula Virtual ou Entorno Virtual de Aprendizaxe (5º e 6º co proxecto Edixgal).

- Videoconferencias a través das plataformas corporativas.

- Mensaxería Abalar.

Estas medidas poderán ser aplicadas e/ou modificadas dependendo das características que presente o alumnado no momento de aplicalas.

Ademais destas medidas tomadas polo profesorado encargado de impartir a área, poderase contar con apoios dentro da aula, de ser precisos o mesmo tras a avaliación inicial e o recollido nos históricos do Departamento de Orientación.

Todas estas medidas así como aquelas que sexan extraordinarias, seguirán a normativa vixente en relación á diversidade (Decreto 229/2011 do 7 de decembro e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre home e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Estes contidos poden verse ampliados pola propia práctica docente, interacción co alumnado, experiencias previas e outras situacións que propicien a súa inclusión.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Violencia de xénero	Realizarase un pequeno mural para tratar este tema	X		
Dereitos Humanos	Levarase a cabo unha actividade na que os nenos coñezan cales son os dereitos humanos fundamentais.	X	X	X
Nadal	Realizaranse diferentes actividades e manualidades para celebrar o Nadal.	X		
Paz	Farase algunha manualidade relacionada coa paz.		X	
Muller	Investigación sobre mulleres traballadoras importantes na vida dos nenos e nenas.		X	
Medio ambiente	Farase algunha manualidade donde expresen distintas maneiras de coidar o medio ambiente	X	X	X

### Observacións:

Desde a área de Relixión Católica participárase en todas as actividades propostas para este curso na medida en que sexa posible. Sobre todo nas citadas anteriormente.

Xa que moitas das actividades extraescolares non se atopan decididas ó comezo do curso, unha vez decididas as mesmas e credo ser convintes para o noso alumnado, o mestre terá que rexistrar a actividade e informará á dirección do centro. Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deberán ser abordadas ao longo do curso académico.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das UD foi axeitada.
80% do alumnado acadou unha avaliación positiva na área.
Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na programación docente.
As situacións de aprendizaxe integraron o desenvolvemento e desempeño de máis dunha competencia á vez.
Metodoloxía empregada
Empregáronse diferentes estratexias e/ou recursos para a presentación de novas situacións de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse ferramentas dixitais e recursos manipulativos para o traballo de área.

Medidas de atención á diversidade
Flexibilizáronse os tempos, instrumentos, contidos... en función das necesidades do alumnado.
Foi preciso adoptar medidas de reforzo educativo na aula.
Modificouse a práctica docente ante as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
Clima de traballo na aula
Semanalmente traballouse en equipo, traballo cooperativo...dentro da área.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realizáronse dinámicas, tempos, obradoiros...para o fomento da lectura.
Mantívose unha coordinación regular co resto do equipo docente así como cos diferentes equipos de dinamización do centro
O contacto coas familias e/ou titores/as legais foi axeitado ao longo do trimestre
Outros
Nas situacións de aprendizaxe plantexadas fíxose referencia a situacións da vida real.

#### **Descrición:**

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a práctica docente permite reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizárase como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a actividade docente e poder crear a partir das repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control débese marcar a casilla na que se atope en relación o ítem exposto. Para iso dispónse de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O primer procedemento será a recollida no anterior punto (documento de seguimento trimestral da programación). Na derradeira avaliación, este procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora realizarase a través da aplicación PROENS tendo en conta e sendo un punto de partida estes datos na realización da programación do seguinte curso académico do grupo ao que foi destinado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

A Área de Comunicación e Representación da Realidade ( 5º infantil ) está orientada cara tres aspectos fundamentais da comunicación: expresión, comprensión e interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión. A oralidade é instrumento por excelencia para a comunicación; a expresión de vivencias, sentimentos, e ideas ou emocións; a aprendizaxe e a regulación da conduta, por iso para a súa adquisición partimos de situacións de descubrimentos de sons e de recoñecemento de fontes sonoras para progresivamente avanzar cara adquisición da lingua oral. Creamos un ambiente multialfabetizador rico que comprenda todas as linguaxes posibles, no caso da linguaxe escrita , esta primeira aproximación prodúcese no quefacer cotián da aula, enmarcada en situacións funcionais e significativas para as nenas e os nenos, tendo claro que a adquisición do código escrito non é un obxectivo que se deba alcanzar nesta etapa.

Achegamento á literatura infantil como fonte de gozo creando na aula un espazo cálido e acoledor onde situar a biblioteca para favorecer o achegamento natural á literatura. Favorecemos que o alumnado coñeza e utilice a biblioteca do centro e que descubra todas as posibilidades que ofrece para achegarse ao mundo literario, e a ámbitos como o maker, a radio e outros.

Por outra banda, estamos inmersos nunha sociedade no que o dixital afecta a nosa forma de comunicarnos, obter información, de aprender ou de relacionarnos, polo que iniciamos dende esta etapa educativa un proceso de alfabetización dixital que se centra en que o alumnado comprenda o papel creativo e comunicativo das ferramentas tecnolóxicas, máis alá dun uso de lecer pasivo e do consumo de contidos.

A linguaxe musical é un medio que permite a comunicación cos demais, xa que posibilita o desenvolvemento de aspectos como a escoita atenta e activa e facilita, en gran maneira, a adquisición da linguaxe oral.

Con respecto a linguaxe plástica, nesta etapa adquiriranse e desenvolveranse de forma progresiva desde a descuberta sensorial dos materiais e o gozo polo efecto da pegada, ata a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos. Pola súa vez, desde unha perspectiva de xénero, poñeremos as nenas e os nenos en contacto con diversidade de obras relacionadas con expresións artísticas variadas, para iniciar así o desenvolvemento do sentido artístico e estético.

Por último, a linguaxe corporal piar fundamental no noso que facer diario, permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse cunha intención comunicativa, representativa ou estética e contribuirán ao autoconecemento e á construción da identidade e ao coñecemento da realidade.

Esta etapa concíbese como un continuo de aprendizaxe, paralelamente, espertarase o interese e a curiosidade por descubrir e explorar as posibilidades expresivas das diferentes linguaxes e formas de expresión para comunicarse de maneira cada vez máis eficaz, persoal e creativa nos distintos contextos cotiáns.

As diferentes linguaxes e formas de expresión que se recollen na área contribúen ao desenvolvemento integral e harmónico das nenas e dos nenos e deben abordarse de maneira global e integrada coas outras dúas áreas mediante o deseño de situacións de aprendizaxe nas que se poidan usar as diferentes formas de comunicación e representación. E todas elas teñen cabida nas actividades da aula, xa que ofertan formas de expresión máis alá da lingua oral e escrita

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aquí estamos	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocioa....). Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de presentación de novos integrantes da clase, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, rutinas... e todo aquilo que se repito ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	30	X	X	X
2	O mundo nunha viaxe	Proxecto anual queremos que o noso alumnado sinta, viva e coñeza a través das distintas linguaxes o mundo viaxeiro.	30	X		
3	O hospital da litera tura	Nada nai na intelixencia que antes non pase polos sentidos(Aristóteles)por isto, as nosas aulas convértense nun gran espazo multisensorial que posibilita a exploración do noso corpo,as súas	30	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O hospital da litera tura	sensacións interioceptivas, propioceptivas e exteroceptivas, o seu espertar sensorial, coñecemento dos outros, do mundo que nos rodea e de nos mesmos. COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL	30	X		
4	O universo na túa maleta	Con maleta na man e pasaporte cuberto, convértese nun explorador de contos despois de visitar a "axencia de viaxes" máis bonita da súa cidade	30		X	
5	Os alimentos viaxeiros	Os alimentos e a saúde constitúen o centro de interese desta secuencia, coa que se pretende aportar as nenas e nenos coñecemento sobre a procedencia dos alimentos, a necesidade dunha alimentación rica en verduras e froitas e a importancia dos hábitos de autonomía e hixiene teñen na nosa saúde e benestar. COMPETENCIA AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL E APRENDER A APRENDER VALORES: EDUC PARA A SAÚDE	30		X	
6	Un puñado de botóns	A familia ten un papel fundamental no desenvolvemento harmónico e integral do neno e a nena, sobre todo a estas idades tan temperás. Pero o concepto de familia está mudando, é por iso que entre todos analizamos o papel da familia e dos seus membros, así como das relacións que se establecen, respectando e valorando as diferenzas dunha forma positiva, desenvolvendo valores de tolerancia, responsabilidade. COMPETECIA SOCIAL E CIDADÁ	30			X
7	Devoramos pinturas	Un grupo de ratos famentos están devorando a colección de arte contemporáneo e é... preciso captúralos. Polo que faremos unha investigación-viaxe polo mundo da arte. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA E AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL	30			X
8	Let's go with English and Arts!	Coñecer rutinas, cancións, contos, fórmulas de cortesía, presentacións, accións elementais, posicións no espazo, tamaños, fenómenos meteorolóxicos, períodos temporais, corpo (partes da cara), membros principais da familia, expresar emocións, animais coñecidos, alimentación habitual, numeración básica, figuras xeométricas elementais, obxectos da aula e de uso en Arts, prendas de vestir, xoguetes, tradicións e costumes, producións artísticas...	70	X	X	X



### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aquí estamos	30

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa activamente nas conversas da aula	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese por participar en interaccións orais noutras linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Incorpora ao seu repertorio lingüístico vocabulario das dúas linguas oficiais	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega expresións convencionais segundo a situación: saúde, despedida, agradecemento, desculpa	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Participa con naturalidade en situacións de pluralidade lingüística	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese por participar en situacións comunicativas en lingua estranxeira	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Avanza na discriminación fonética	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as explicacións que se dan na clase	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Fala coa intención de comunicarse co resto das persoas	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	É quen de narrar situacións nos distintos ámbitos nos que participa	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Amosa unha grafía cun sentido correcto	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Respecta e coida a biblioteca de aula e de centro	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Amosa unha actitude activa ante a lectura	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa en conversas e outras propostas lúdicas a partir da lectura de textos literarios	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Explora as posibilidades da voz, dos obxectos cotiás e dos instrumentos musicais	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Fai uso moderado das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li> <li>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.</li> <li>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O mundo nunha viaxe	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, empregando palabras, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	TI
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais de xeito respetuoso.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre individuais e colectivas.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo e o movemento, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- expresión de vivencias.</li> <li>- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> <li>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O hospital da litera tura	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación.	TI
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte de xeito guiado a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas con interese	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas de xeito guiado sobre as interpretacións dos demais de xeito respetuoso.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.</li> <li>- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.</li> <li>- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Planificación da acción en producións plásticas.</li> <li>- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> <li>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O universo na túa maleta	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	TI
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas de xeito guiado sobre as interpretacións dos demais de xeito respetuoso.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear, con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li> <li>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.</li> <li>- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.</li> <li>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Os alimentos viaxeiros	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece e comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo)	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos e palabras coñecidas, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar e diferenciar palabras segundo as súas características	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas de xeito guiado sobre as interpretacións dos demais de xeito respetuoso.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear, con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li><li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li><li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li><li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li><li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li><li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li><li>- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li><li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li><li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li><li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li><li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li><li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li><li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li><li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li><li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li><li>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.</li><li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li><li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li><li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li><li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li><li>- Respecto cara ás producións alleas.</li><li>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li><li>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li><li>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.</li><li>- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.</li><li>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.</li></ul>



UD	Título da UD	Duración
6	Un puñado de botóns	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece e comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo, etc.)	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo, etc.	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos e palabras coñecidas, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos e palabras coñecidas, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais de xeito respetuoso.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear, con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> </ul>

## Contidos

- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
7	Devoramos pinturas	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte de xeito guiado a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece e emprega algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar e diferenciar palabras segundo as súas características	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar e diferenciar palabras segundo as súas características	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais de xeito respetuoso.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear, con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.</li> <li>- Memorización e recitado de textos literarios.</li> </ul>

## Contidos

- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
8	Let's go with English and Arts!	70

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	- Intervén en situacións comunicativas de xeito espontáneo en contextos diferentes, respectando turno.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	- Manifesta interese por producións plásticas e recoñece algunha mensaxe.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	- Participa activamente expresándose nas súas manifestacións artísticas e culturais.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	- Participa activamente expresándose nas súas manifestacións artísticas e culturais.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	- Elixe repertorio lingüístico participando con interese.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	- Diríxese a outras persoas con expresións usuais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	- Fala na lingua de uso do momento interesándose por outros contextos culturais.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	- Intervén en intercambios comunicativos empregando as estruturas correspondentes.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	- Progresa na adquisición de novas estratexias comunicativas que incrementen o seu vocabulario.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	- Emprega o aprendido ao relacionarse c@s demais.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	- Elixe diferentes linguaxes de expresión para comunicarse.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	- Valora a utilidade dos códigos escritos.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	- Comunícase por escrito en distintas linguaxes recoñecendo as relacións entre eles.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	- Acude á biblioteca con interese e segue as normas establecidas.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Atende á lectura de pequenos fragmentos literarios e comparte os seus.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Explica sensacións sobre producións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	- Canta ou reacciona seguindo modelos dados asegun linguaxe determinada.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	- Entende e amosa interese en manifestacións artísticas dixitais.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Participa en actividades grupais plásticas variadas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	- Góstalle expresarse en diferentes creacións plásticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	- Respecta as producións ou intervencións alleas.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	- Interpreta linguaxes variadas e elabora outras novas.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	- Intervén en dramatizacións ou danzas.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	- Recoñece e exprésase en diferentes linguaxes artísticas.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	- Participa usando ferramentas dixitais intuitivas chegando a expresarse creativamente.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersonais.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> </ul>

## Contidos

- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemso ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autoconecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que



permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- A concepción de unidades didácticas coma proxectos nos que se intentará resolver un problema ou facer un produto social relevante. En todas as unidades, menos na primeira, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.
- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...
- Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...
- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

No que respecta a Inglés y a Arts, programamos unha soa UD, a número 8 (Let's go with English and Arts!) a desenvolver ao longo do curso.

Por outro lado, os proxectos, tarefas e actividades adaptaranse ás necesidades e características do alumnado é a diversidade na aula. As tarefas e actividades seguran os principios do Communicative Approach. Recorrerase se á lectura interpretativa de contos escritos é a narracións orales dramatizadas como medio de estímulo da competencia de comprensión oral. Empregarase o xogo como elemento dinamizador que outorga un papel protagonista ó alumnado, ás técnicas de Total Physical Response (Simon says, xogos e cancións interpretativas ¿action songs?). Introduciranse elementos da cultura infantil tradicional inglesa a través da escolla de contos e de centros de interese traballados en Arts e enfocados aos proxectos de centro.

SEPTEMBRO: Benvida ó auxiliar : facendo banderolas ,posters, aprendendo unha canción, etc.

OUTUBRO: Halloween: manualidades terroríficas e decoración do centro.

NOVIEMBRE: Thanksgiving. Decoración do centro e manualidades.

DECEMBRO: Decoración do centro, postais

XANEIRO: Peace. Decoración e manualidades.

FEBREIRO: Carnival. Decoración centro, axuda nos disfraces.

MARZO: Easter. Decoración do centro e manualidades.

ABRIL: Visita dun autor por concretar e realizar unha aproximación a súa obra.

MAIO: American day: despedida do auxiliar, cunha merenda conxunta e a súa elaboración, decoración.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornobot, ozobot), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)

Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### **Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

### **Criterios de recuperación:**

Este apartado non procede nesta etapa.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adeuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional		X	X					X
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X						
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X		
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X		X			X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X		X			X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta.	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.	X	X	X
Contacontos	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.	X	X	X
Saída de campo.	En cada unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa ou tapóns, etc	X	X	X
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.	X	X	
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	5º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

Crecedemento en Harmonía (5<sup>o</sup> Infantil) o propio corpo é fonte de experimentación, de aprendizaxes, de relación e de expresión e base da actividade autónoma. A contorna escolar debe proporcionar o contexto adecuado e o acompañamento necesario baixo unha mirada atenta, paciente e respectuosa, para que as nenas e os nenos poidan descubrir o pracer que lles proporciona a actividade por iniciativa propia, que é a súa principal necesidade en relación coa súa contorna, nun ambiente estimulante de seguridade, calma e tranquilidade. Dese modo, recoñecerán o seu corpo, global e parcialmente, as súas posibilidades perceptivas e de acción, expresión e movemento, así como as súas limitacións, e serán capaces de identificar as sensacións que experimenta, de gozar con elas e de servirse das posibilidades expresivas do corpo para manifestalas.

Adquire unha especial relevancia a representación gráfica do corpo que fai o alumnado, que deberá ser considerada como fonte de información do punto no que se atopa no proceso de interiorización do esquema corporal. A adquisición de destrezas cada vez máis complexas será o resultado de responder á necesidade de utilizar instrumentos e ferramentas nas actividades cotiás e nos xogos motores, sensoriais, simbólicos e de regras.

O desenvolvemento da personalidade nesta etapa correspóndese coa construción da propia identidade, diferenciada das demais. A intervención educativa debe guiar e potenciar o logro dunha autoimaxe axustada e positiva en todos os aspectos. Para iso será necesario crear un clima de seguridade e afecto nas aulas onde o alumnado se poida expresar tal e como é, procurando o respecto e a aceptación polo grupo e considerando as súas singularidades e diversidade como parte única e valiosa da súa personalidade.

É a idade na que se produce o descubrimento da sexualidade e cando se inicia a construción sexual e de xénero. Toda interacción co persoal educador orienta e modela en gran medida a nena e o neno, xa que tende a imitar e a reproducir as estratexias de relación das persoas adultas que os rodean. Por iso é imprescindible identificar e erradicar, se é o caso, os posibles mecanismos de discriminación oculta que poidan persistir na contorna escolar e educar o alumnado desde o respecto cara a todas as manifestacións sexuais presentes na súa realidade.

O desenvolvemento da afectividade é especialmente relevante nesta etapa, xa que é a base das aprendizaxes e conforma a personalidade infantil. Por iso, debe traballarse desde o primeiro momento o recoñecemento, a expresión e o control progresivo das emocións e dos sentimentos.

A interacción coa contorna proporciona unha información dun mesmo que contribúe, en gran medida, á construción da propia imaxe, ligada á súa vez ao desenvolvemento de sentimentos de seguridade, autoconfianza e autoestima.

As necesidades deben atenderse nun clima acolledor e tranquilo que proporcione os tempos necesarios para que cada momento se viva como algo pracenteiro. Só a partir desa sensación de benestar, o resto de principios alcanza un valor significativo e global. Neste marco, a vida escolar organízase ao redor de rutinas estables, planificadas a partir dos ritmos biolóxicos e vinculadas á adquisición progresiva de hábitos saudables de alimentación, hixiene e descanso. De forma paulatina, incrementarase a súa iniciativa para incorporar nas súas prácticas cotiás os hábitos que contribúen ao coidado do propio corpo e dos espazos nos que transcorre a súa vida cotiá, en paralelo ao desenvolvemento da autonomía persoal e ao espertar da conciencia da relación de interdependencia e ecodependencia entre as persoas e a contorna.

A aula convértese nunha pequena comunidade de convivencia na que se desenvolven as habilidades sociais e cada persoa pode expresar as súas necesidades respectando as das demais, entendendo que as pautas elementais de convivencia se derivan do respecto mutuo e aprendendo a cooperar e a convivir a través da xestión, resolución e prevención dos conflitos de maneira dialogada e evitando calquera tipo de violencia e discriminación.

A diversidade étnico-cultural posibilita o acceso das nenas e nenos aos diversos usos e costumes sociais desde unha perspectiva aberta e integradora que lles permita coñecer as diversas manifestacións culturais presentes na sociedade e, deste xeito, xeraranse actitudes de aceptación, respecto e aprecio.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1			1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aquí estamos	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o manexo de útiles Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo manual, ademáis de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado	40	X	X	X
2	O mundo nunha viaxe	Proxecto anual queremos que o noso alumnado sinta, viva e coñeza a través das distintas linguaxes o mundo viaxe.	40	X		
3	O hospital da litera tura	Nada nai na intelixencia que antes non pase polos sentidos(Aristóteles)por isto, as nosas aulas	40	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O hospital da litera tura	convértense nun gran espazo multisensorial que posibilita a exploración do noso corpo, as súas sensacións interioceptivas, propioceptivas e exteroceptivas, o seu espertar sensorial, coñecemento dos outros, do mundo que nos rodea e de nos mesmos. COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL	40	X		
4	O universo na túa maleta	Con maleta na man e pasaporte cuberto, convértese nun explorador de contos despois de visitar a "axencia de viaxes" máis bonita da súa cidade.	40		X	
5	Os alimentos viaxeiros	Os alimentos e a saúde constitúen o centro de interese desta secuencia, coa que se pretende aportar as nenas e nenos coñecemento sobre a procedencia dos alimentos, a necesidade dunha alimentación rica en verduras e froitas e a importancia dos hábitos de autonomía e hixiene teñen na nosa saúde e benestar. COMPETENCIA AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL E APRENDER A APRENDER VALORES: EDUC PARA A SAÚDE	40		X	
6	Un puñado de botóns	A familia ten un papel fundamental no desenvolvemento harmónico e integral do neno e a nena, sobre todo a estas idades tan temperás. Pero o concepto de familia está mudando, é por iso que entre todos analizamos o papel da familia e dos seus membros, así como das relacións que se establecen, respectando e valorando as diferenzas dunha forma positiva, desenvolvendo valores de tolerancia, responsabilidade. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	40			X
7	Devoramos pinturas	Un grupo de ratos famentos están devorando a colección de arte contemporáneo e é... preciso captúralos. Polo que faremos unha investigación-viaxe polo mundo da arte. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA E AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL	40	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aquí estamos	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá, mostrando iniciativa.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda tanto a adultos coma compañeiros/os.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Controla os útiles de maior uso	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar os tempos das actividades cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito guiado, colaborando e aceptando as normas	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá, mostrando iniciativa	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar os tempos das actividades cotiás.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona coas demais persoas, nas súas actividades cotiás.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.</li> <li>- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O mundo nunha viaxe	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo coas súas partes máis importantes	TI
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica de forma senlleira as sensacións que lle producen os seus sentidos	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e recoñece ás súas limitacións.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece semellanzas e diferenzas nas persoas.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Iniciase no emprego de estratexias de xestión emocional para tolerar a frustración.	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O hospital da litera tura	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
